



Copia

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE REXISTRO XERAL	
14 FEB. 2017	
N.º ENTRADA	N.º SAIDA
	2081

En contestación á petición de data 1 febreiro, no que se solicita que se falcite diversa información, en relación coas cuestións 1 e 2 relativas a “ vehículos en aluguer e vehículos adquiridos no presente mandato.... ” Indicarlle que os expedientes estarán á súa disposición, para que, en horario de oficina, calquera deputado/a do Grupo do PSdeG-PSOE, poida realizar a consulta nas datas e lugares seguintes:

EXPEDIENTE	DATA	LUGAR
Vehículos (Aluguer e adquiridos)	01-03-2017	Contratación.

En relación coa cuestión 3 “ alegacións presentadas ante a resolución da secretaria de Estado de exclusión do proxecto Estratexia Conecta Ourense ECOU....” achégolle copia xa remitida por esta presidencia en data 15 de decembro de 2017.

En relación coas cuestións 4, 5 e 6 en relación coa “ piscina flotante de Laias”, achégolle copia do informe do proxecto modificado nº 1 da piscina flotante da auga termal de laias, copia do informe sobre a viabilidade xurídica da modificación do contrato, providencia de incoación de expediente de resolución de contrato e decreto de 17 de outubro de 2016. Así mesmo, indicarlle que o director de obra é: INCAT Infraestruturas S.A. e en concreto os técnicos da redacción do proxecto e dirección de obra son Manuel Cameáns Rodríguez e Elena Santoro Prieto.

Indicarlle que o expediente estará novamente á súa disposición, para que, en horario de oficina, calquera deputado/a do Grupo do PSdeG-PSOE, poida realizar a consulta nas datas e lugares seguintes:

EXPEDIENTE	DATA	LUGAR
Piscina de Laias	01-03-2017	Contratación.

En relación coa cuestión 7 , indicar que esa cuestión (NRE 35951) xa foi atendida con anterioridade con RS 17947 facilitando acceso ao expediente o 26 de decembro co fin de que unha vez visualizado poida indicar, aplicando sempre criterios de racionalidade e proporcionalidade, os documentos concretos dos que quere copia. Indicarlle que o expediente estará novamente á súa disposición, para que, en horario de oficina, calquera deputado/a do Grupo do PSdeG-PSOE, poida realizar a consulta nas datas e lugares seguintes:

EXPEDIENTE	DATA	LUGAR
Misión Comercial USA	01-03-2017	Intervención (Marta)

En relación coa cuestión 8, indicar que esa cuestión xa foi atendida con anterioridade con RS 17946 (15 de decembro) seguindo as indicacións do servizo de intervención, fixando día para poder consultar toda a documentación. Indicarlle



que o expediente estará novamente á súa disposición, para que, en horario de oficina, calquera deputado/a do Grupo do PSdeG-PSOE, poida realizar a consulta nas datas e lugares seguintes:

EXPEDIENTE	DATA	LUGAR
Medios de Comunicación	01-03-2017	Intervención (Begoña)

En relación co punto 9, Indicarlle que o expediente estará á súa disposición, para que, en horario de oficina, calquera deputado/a do Grupo do PSdeG-PSOE, poida realizar a consulta nas datas e lugares seguintes:

EXPEDIENTE	DATA	LUGAR
Becas Internacionais USA	01-03-2017	Subvencións

En caso de non poder asistir na data sinalada, prégonlle que o comunique para fixar nova data (Xefe do Negociado de Transparencia . ext . 7605)

Lémbrolle que, de acordo cos termos previstos no artigo 16.3 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), e no artigo 227 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, todos os membros da Corporación Provincial deben gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten para facer posible o desenvolvemento das súas funcións, singularmente, das que servirán de antecedentes para decisións que aínda se encontren pendentes de adopción, así como para evitar a reprodución da documentación que se lles poida facilitar, en orixinal ou copia, para o seu estudo.

Ourense, 13 de febreiro de 2017

O PRESIDENTE

José Manuel Baltar Blanco.

JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ, deputado provincial do Grupo PSdeG-PSOE.

Grupo de PSdeG-PSOE..- Deputación Provincial de Ourense.